



Que importante é ser veterinario!



► A HIXIENE DO GANDO É A SAÚDE DO POBO”

Saúdos a todos os lectores. Para empezar, o meu nome é Antón e son veterinario. Levo moitos anos dedicado ás vacas de leite e estréome nesta nova sección de *Vaca Pinta*, que bauticei como “Crónicas Vaqueiras”, onde espero contarvos moitas cousas relacionadas coa gandería.

Antón Camarero
Veterinario de Adial



Aos veterinarios gústannos, por suposto, os animais e dedicámonos a curalos. Xunto a médicos e farmacéuticos somos os sanitarios porque velamos pola saúde da poboación; niso consiste o noso compromiso máis sacro. A isto fai referencia o que podedes ler no noso escudo: *Higia pecoris salus populi* ou, o que é o mesmo, “A hixiene do gando é a saúde do pobo”. Aínda que todos vedes máis claro como un médico ou un farmacéutico traballan pola nosa saúde, seguramente vos preguntaredes como o fai un veterinario. Resulta máis sinxelo velo

nos veterinarios que traballan como inspectores e que se encargan nas granxas, os matadoiros, as fábricas de embutidos ou as centrais leiteiras de vixiar como se fan as cousas para que os alimentos sexan sans.

Os que nos dedicamos a visitar os animais nas granxas tamén estamos comprometidos coa sanidade. Axudamos aos gandeiros a producir alimentos en cantidade e que non sexan moi caros, tamén velamos pola vosa saúde. Así, os alimentos serán sans, sen bacterias, parasitos, virus ou tóxicos que poidan facernos enfermar. Tamén controlamos se os animais foron tratados con medicamentos e que pasase o tempo suficiente para que desaparezan do alimento.



E aquí estou eu entre un “mar de vacas”...

É tamén parte importante do traballo velar polo benestar animal para garantir a calidade do alimento. Antes a isto do benestar chamabámonlle manexo e sempre lle demos moi-tísima importancia. Consiste en que o animal se manteña cómodo no seu ambiente e afastalo do estrés, que é factor de entrada da enfermidade. Se vai ser sacrificado, debemos aforrarlle no que se poida o sufrimento; non só é un motivo ético, senón tamén para que a súa carne saiba mellor.

Mesmo os colegas que se dedican aos animais de compañía teñen tamén que velar pola nosa saúde, previndo enfermidades que compartimos co resto dos animais, como a rabia, a leptospirose ou a hidatidose.

Gústanche os animais?

Pois ánimoate a que estudes Veterinaria. Na facultade comprobaredes que as doenzas que compartimos cos animais as tomamos moi en serio. Por suposto, tamén nos gusta curalos, aínda que ás veces cometemos algún fallo (sobre todo cando comezamos). Non esquezaades que *Errar humanum est* [“Errar é humano”]. ■

